

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL

En A Coruña, a 20 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, don Pedro Otero Espinar, maior de idade, con domicilio profesional en Vigo, Policarpo Sanz, 24-26; e con D.N.I./N.I.F. nº 33.275.207-A.

Doutra parte, don Ramón Villares Paz, maior de idade, con domicilio a estes efectos en Santiago de Compostela, no Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro, s/n, e con D.N.I./N.I.F. nº 33.805.771-A

INTERVIENEN

Don Pedro Otero Espinar, en nome e representación da Fundación Galicia Obra Social (“Afundación”, no sucesivo) entidade con domicilio social en A Coruña, Cantón Grande 8, e N.I.F. G 70.270.293. Exerce esa representación na súa condición de Director Xerente e de Apoderado de Afundación.

Don Ramón Villares Paz, en nome e representación do Consello da Cultura Galega, con sede en Pazo de Raxoi, 2º andar, Praza do Obradoiro s/n, 15705, Santiago de Compostela, e N.I.F. Q6550003E. Exerce esa representación na súa condición de Presidente do Consello da Cultura Galega.

Afundación e o Consello da Cultura Galega se denominarán, así mesmo, colectivamente, as “Partes” e, individualmente, cando proceda, unha “Parte”.

As Partes se recoñecen mutuamente capacidade legal para subscribir o presente convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN

-I-

Que Afundación é unha fundación privada, declarada de interese galego, que ten por obxecto, entre outros, actuacións relativas á educación en todos os niveis e o apoio á cultura, e que para o mellor cumprimento dos seus obxectivos, ven desenvolvendo un plan estratéxico cuxas áreas xenéricas de actuación son a educación superior e xeración de coñecemento, o envellecemento activo, o fomento do coñecemento e o desenvolvemento das persoas a través da cultura, e outras actividades de acción social.

-II-

Que son funcións do Consello da Cultura Galega, conforme a Lei 8/1983 de 8 de xullo, de fundación e organización do Consello, “investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego. Organizar actuacións culturais axeitadas ás fins do Consello dentro e fóra de Galicia. Elevar aos poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego”.

-III-

Que as Partes entenden oportuno colaborar na realización da exposición “Galicia 100”, na que se exhibirán diversas obras de arte que o Consello da Cultura Galega designe relativas á identidade de Galicia (as “OBRAS”, no sucesivo) como sigue:

1.- Sede de Afundación en A Coruña, Cantón Grande 8, entre o 29 de setembro de 2016 e o 7 de xaneiro de 2017.

2.- Sala de exposicións do Teatro Afundación en Vigo, entre mediados de xaneiro e finais de marzo de 2017.

A devandita exposición se denominará no sucesivo, a EXPOSICIÓN.

-IV-

En virtude do exposto anteriormente, as dúas partes integrantes outorgan este Convenio de Colaboración que se regulará polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMERA.-Constitúe o obxecto do presente Convenio de Colaboración a realización da EXPOSICIÓN.

SEGUNDA.-O Consello da Cultura Galega terá ao seu cargo as seguintes funcións e obrigacións:

1. Galicia 100 é unha exposición que presenta un relato de Galicia e da súa cultura a través de cen obxectos do seu pasado, dos cales unha selección exhibirase fisicamente e outra parte a través de audiovisual e imaxes integrada na mesma mostra.
2. Cesión a Afundación dos dereitos de exhibición sobre as OBRAS para realizar a EXPOSICIÓN, que permitan a súa comunicación pública aos efectos do convenio e durante o prazo de vixencia do mesmo.
3. Comisariado e deseño dos espazos expositivos.
4. Fornecer e facilitar a Afundación todo o material gráfico, fotográfico, e, en xeral, toda a información e documentación que sexa relevante e imprescindible para a confección e realización da promoción publicitaria da EXPOSICIÓN.
5. Deseño da EXPOSICIÓN, e da distribución da mesma na sala, que deberá contar en última instancia co visto bo de Afundación.
6. Xestión de préstamos das OBRAS, é dicir, contactos con todos os cedentes, xestión de préstamos e intercambio da documentación correspondente para obter os citados préstamos e dereitos de exhibición/reprodución.
7. Xestión e adquisición do material expositivo, isto é, achega de peañas, vitrinas, material audiovisual e demais requirimentos que presente a exposición para a súa axeitada exhibición.
8. A asunción de todos os gastos relativos á exposición non asumidos por Afundación.

TERCERA.-Afundación terá ao seu cargo as seguintes funcións e obrigas:

1. Informar inmediatamente e por escrito de calquera perda ou dano que sufran as OBRAS. As OBRAS danadas non poderán ser reparadas, desmontadas ou intervidas.
2. Vixilancia da EXPOSICIÓN tal como é habitual en cada un dos lugares do Expositivo III.
3. Accións de marketing e publicidade da forma habitual das exposicións organizadas por Afundación.
4. Actividades didácticas durante o tempo no que dure a EXPOSICIÓN.

5. A asunción de custes relativos a la EXPOSICIÓN, por importe de até seis mil euros (6.000 €), impostos incluídos, como máximo; a razón de até tres mil euros (3.000 €), impostos incluídos, en relación a cada una das localidades referidas no Expositivo III. Eses custes serán abonados pola Afundación contra facturas por transporte, seguros, comisariado, sempre que contén co visto e praxe do Consello da Cultura Galega.
6. Comercializar a través dos seus establecementos exemplares da obra “GALICIA 100” e destinar o oitenta por cento (80%) do importe obtido ao pago das facturas referidas no punto 5 da presente Estipulación “in fine”.

CUARTA.- O nome e anagrama do Consello da Cultura Galega e de Afundación figurarán, de xeito visible en todas as actuacións que se realicen en cumprimento do presente convenio, así como en todos os medios que se empreguen para anunciar e dar a coñecer ditas actuacións.

QUINTA.- Aos efectos oportunos, o Consello da Cultura Galega garante que conta coas autorizacións e permisos necesarios, calquera que sexa a súa índole e alcance, para levar a cabo os seus compromisos conforme ao presente Convenio, en particular en canto á EXPOSICIÓN e á obra “GALICIA 100”, e para a cesión do resto dos dereitos aos que se estende o presente convenio, e especialmente os esixibles por razón da vixente normativa aplicable aos dereitos de propiedade intelectual, industrial e á propia imaxe que puidese afectar ás OBRAS.

En consecuencia, Afundación queda liberada de calquera responsabilidades que puideran pórse de manifesto por razón da ausencia ou da deficiencia de tales autorizacións e permisos, cuxa obtención, xestión e mantemento son da exclusiva responsabilidade do Consello da Cultura Galega.

Por este convenio o Consello da Cultura Galega cede á Afundación os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación para realizar e difundir a Exposición e a obra “Galicia 100”. En particular, o Consello da Cultura Galega cede a Afundación os dereitos necesarios para a realización e venda da obra “Galicia 100” o catálogo e os produtos relacionados coa EXPOSICIÓN, e para a reprodución e difusión dunha selección das OBRAS e de dita obra mediante a súa inclusión na páxina web de Afundación (www.afundacion.org), co fin de dar a coñecer a mesma por este medio.

SEXTA.- A vixencia do presente convenio estenderase desde a data da súa sinatura até a completa finalización de todas as actividades que se realicen con obxecto do mesmo, prevista para o día 31 de marzo de 2017.

SÉTIMA.- Para o seguimento e control do presente convenio constituirase unha comisión que estará composta por dous representantes do Consello da Cultura Galega e dous representantes de Afundación, nomeados polas respectivas institucións. Esta comisión será encargada de resolver as controversias que puideran xurdir respecto á interpretación e efectos do presente convenio.

Afundación remitirá a un interlocutor, designado polo Consello da Cultura Galega, informes periódicos que recollan a marcha dos traballos obxecto do presente Convenio.

O Consello da Cultura Galega prestará o asesoramento técnico preciso para a execución da actividade prevista no presente Convenio.

OITAVA.-

1.- Os datos de carácter persoal recollidos no presente Convenio relativos aos representantes das Partes así como os demais datos do mesmo carácter que se obteñan como consecuencia do mantemento e/ou cumprimento do presente convenio, serán incorporados aos ficheiros das Partes para que esta poida efectuar o tratamento, automatizado ou non, dos referidos datos de carácter persoal aos efectos da xestión da relación que se establece no presente convenio. A estes efectos, nos termos da lexislación vixente, pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ante as Partes.

2.- As Partes expresamente conveñen que o presente Convenio non implica nin supón ningunha asociación ou dependencia entre elas, nin outorga a ningunha das Partes facultade algunha para

representar ou vincular á Parte contraria fronte a terceiros, a menos que expresa e especificamente as Partes establezan o contrario, polo que ambas Partes serán absolutamente independentes e autónomas.

3.- Cada unha das Partes asume todas as responsabilidades que podan derivarse das obrigas dimanantes das súas relacións xurídicas con persoas coas que contrate por razón do presente Convenio, resultando a outra parte por completo alleas a ditas relacións. Por tanto, cada Parte manterá indemne á outra de calquera custe, incluíndo todo tipo de indemnizacións, sancións e gastos, derivados de reclamacións das persoas coas que contrate, calquera que sexa a instancia ou autoridade ante a que se formulen, ou de actuacións promovidas de oficio pola autoridade competente, que teñan a súa orixe nas relacións xurídicas existentes entre unha das partes e esas persoas

4.- O feito de que unha das Partes deixe nunha ou máis ocasións, de exercer calquera dereito ou acción que lle asista, non poderá interpretarse como renuncia ao dereito de dita Parte a proceder a devandito exercicio en calquera momento posterior.

5.- O presente Convenio constitúe o único acordo existente entre as Partes, e substitúe a calquera outros contratos previos, sexan verbais ou escritos.

6.- Calquera modificación ou variación dos termos do presente Convenio requirirá o consentimento expreso e por escrito das Partes.

7.- Se calquera das estipulacións incluídas no presente Contrato fose declarada, total ou parcialmente, nula ou ineficaz por contravir a lexislación aplicable, a mesma se terá por non posta, subsistindo o Convenio en todo o demais, agás que se trate dunha estipulación de cuxa validez dependa a validez do Contrato.

8.- O Consello da Cultura Galega declara coñecer o Código Ético de Afundación.

9.- Todos os demais gastos, impostos, arbitrios e demais exaccións de calquera natureza que se deriven do presente convenio e que non foran de regulación específica no mesmo, serán satisfeitos polas partes conforme á Lei.

NOVENA.- En relación ás persoas que cada Parte asigne ao cumprimento das súas obrigas conforme ao presente Convenio, esta:

1.- Adquire os dereitos e obrigas inherentes á súa calidade de patrono con respecto a ditas persoas.

2.- Organizará e dirixirá os traballos desas persoas coidando en todo momento da súa dilixente execución, sen vínculo laboral de ningún tipo coa outra parte - sendo aquela a única e absoluta responsable do cumprimento das obrigas que a lexislación vixente lle impoña.

3.- Cumprirá con toda a normativa, en particular coa específica da Seguridade Social: altas e baixas no réxime que corresponda, pago de cotizacións, etc. A efectos do previsto no Artigo 42 do Estatuto dos Traballadores, cada Parte manifesta expresamente estar ao corrente nos pagos de cotas á Seguridade Social.

4.- Comprométese a observar cantas obrigas deriven da lexislación vixente en materia de Seguridade, Saúde e Hixiene no traballo, facéndose tamén responsable dos danos ou perxuizos sufridos, cando sexan debidos ao incumprimento das súas obrigas.

5.- É a responsable, e o seu persoal, da adopción e cumprimento de todas as disposicións en materia de Prevención de Riscos Laborais establecidos na lexislación vixente en España en cada momento, sendo responsable da posta en práctica das mesmas, así como das consecuencias que se derivasen do incumprimento no que se refire ás funcións que corresponden á Sociedade conforme ao presente convenio.

Afundación pon a disposición do Consello da Cultura Galega a información e instrucións precisas respecto aos riscos existentes nos centros de Afundación referidos no Expositivo III, así como a

documentación relativa á avaliación dos riscos para a Seguridade e Saúde e Hixiene no traballo, planificación da acción preventiva e medidas de protección e prevención a adoptar, co fin de que o Consello da Cultura Galega poda dar traslado de todo elo.

O Consello da Cultura Galega, conforme á Lei 31/1995, de 8 de Novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e especialmente ao artigo 24 da Lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais, sobre coordinación de actividades empresariais, e ao R.D. 171/2004 polo que se desenvolve o citado artigo, de aplicación a todas as empresas e traballadores autónomos que desenvolvan actividades en centros de traballos dos cales non son titulares, foi informado acerca da política de prevención existente nos centros de traballo onde presta os seus servizos, así como os riscos específicos das actividades que desenvolvan nos centro de traballo os traballadores concorrentes, das medidas de prevención de riscos laborais no sector, dos riscos e recomendacións de seguridade e das normas de actuación no caso de emerxencia.

Así mesmo, e de conformidade co establecido no R.D. 171/2004, o Consello da Cultura Galega obrigase a informar por escrito dos riscos que puideran afectar a traballadores de Afundación con motivo do desenvolvemento da súa actividade en concorrencia con traballadores de Afundación nun mesmo centro de traballo, información que deberá ser escrita se entrañara riscos calificados como graves ou moi graves.

Así mesmo o Consello da Cultura Galega se obriga a informar por escrito, e con carácter previo, no suposto de utilización de materiais ou realización de actividades ou procesos regulamentariamente considerados como perigosos ou con riscos especiais, que poden afectar á Seguridade e Saúde e Hixiene dos traballadores de Afundación.

Da mesma forma, o Consello da Cultura Galega comprométese, antes do inicio da actividade en un centro de traballo de Afundación, a presentar a avaliación de riscos e a planificación da actividade preventiva relativa.)

DÉCIMA - No compromiso da transparencia e publicidade da actuación, e segundo o disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o presente convenio será obxecto da publicidade prevista na dita lei. Así mesmo o Consello da Cultura Galega publicará no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos, así como na súa páxina web <http://consellodacultura.gal>.

As persoas asinantes prestan o seu consentimento para que os datos persoais que consten no devandito convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo podan ser obxecto de publicidade.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O presente convenio de colaboración terá natureza administrativa rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo e no seu defecto pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

E para que así conste, as partes subscriben o presente Convenio de Colaboración, por duplicado exemplar, a un só efecto, no lugar e data do encabezamento.